

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A FUNDACIÓN PROFESOR NOVOA SANTOS PARA A CONCESIÓN DUNHA AXUDA DESTINADA Á CONTRATACIÓN DUNHA INVESTIGADORA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, **DECLARA:**

Que esta Axencia Galega de Innovación formalizou coa Fundación Profesor Novoa Santos (en adiante, FPNS) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día 16.07.2019 ata, como máximo, o 30.11.2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Concesión dunha axuda para investigación en I+D+i na área biosanitaria.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Que a FPNS é unha fundación de interese galego en conformidade coa Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro, modificada pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico; e réxese ademais polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego e polo Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro polo que se aproba o regulamento do Rexistro de fundacións de interese galego; e que ten por obxecto impulsar a investigación, a docencia, a formación, o desenvolvemento científico-tecnolóxico e a innovación no ámbito



sanitario e en Ciencias da Saúde, así como a realización de outras actividades que poidan contribuír á consecución do obxecto fundacional, caracterizado polo interese xeral galego. Con ese propósito, a Fundación serve de apoio, asesoramento e xestión aos profesionais e investigadores, nos centros do Sistema Público de Saúde de Galicia e do Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña (INIBIC) e contribúe eficazmente á consecución dos obxectivos fundacionais, solicitando o apoio das entidades públicas e privadas para os seus fins, realizando labores de difusión e divulgación da actividade investigadora dos centros de investigación de Galicia, aumentando progresivamente de este modo a súa capacidade para competir e a calidade da súa produción científica.

2. Que a Axencia Galega de Innovación (Gain) ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas de Galicia, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes. Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia.
3. A Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia), que foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 7 de novembro de 2013 establece a estratexia de innovación a seguir para acadar un crecemento intelixente, sostible e integrador concentrando dun xeito eficiente os recursos dispoñibles, e define o marco para as políticas de investigación e innovación de Galicia para o período 2014-2020. Entre os seus programas de actuación, a RIS3 Galicia prevé o programa Emprendemento Innovador, un instrumento específico para a retención, incorporación e mobilidade do talento, que concorda cos obxectivos do programa de axudas á etapa de formación posdoutoral.



4. A finalidade deste convenio é financiar á Fundación Profesor Novoa Santos para a contratación dunha investigadora, que foi previamente contratada ao abeiro da Resolución do 17 de xuño de 2016 (DOG núm. 122 do 29.06.2016), que adxudicou as axudas correspondentes á modalidade A da convocatoria de axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral para o ano 2016, con bases establecidas na Orde do 18 de febreiro de 2016 (DOG núm. 44. do 04.03.2016). Deste xeito, esta contratación desenvolverase ata que se resolva a convocatoria das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade B, prevista na Orde do 28 de maio de 2019 (DOG núm. 111 do 28 de 28.05.2019), e como máximo ata o día 30.11.2019, evitando que se produza unha interrupción da súa actividade investigadora durante o citado período.
5. A finalidade deste convenio e incrementar a incorporación de persoal investigador ao Sistema de I+D+i.
6. Dada a especificidade do obxecto deste convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo.
7. A Axencia Galega de Innovación financiará este convenio cun máximo de 13.500 € con cargo á aplicación orzamentaria 09.A3.561A.480.0 dos orzamentos de gasto da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.
8. Debido á súa contía, e ao non ser de carácter plurianual, este convenio non precisou de autorización do Consello da Xunta de Galicia conforme ao establecido no artigo 40.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo co establecido no artigo 63.1 do devandito Decreto 11/2009, este convenio prevé a realización dun pagamento anticipado do 80 % do importe total da axuda concedida previa petición motivada da entidade beneficiaria.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos



contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

